

CONVENIO ENTRE A VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN E O CONCELLO DE VALGA PARA A POSTA EN VALOR COMO ÁREA DE LECER DA ANTIGA MINA DE EXTRACCIÓN DE ARXILA “PORTO PIÑEIRO” (VALGA)

Santiago de Compostela, 9 de agosto de 2021

REUNIDOS:

Don _____, vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación da Xunta de Galicia, nomeado polo Decreto 112/2020, de 6 de setembro, no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.


E doutra parte, Don _____, alcalde do Concello de Valga, nomeado no Pleno de constitución o día 13 de xuño de 2015, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúen o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local e o artigo 61.1 a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Ambos actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos deste convenio de colaboración e para o efecto

EXPOÑEN:

Primeiro.- De conformidade co artigo 103.1 da Constitución Española, a Administración Pública sirve con obxectividade os intereses xerais e actúa de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. Seguindo este mandato constitucional, cómpre impulsar políticas públicas de cooperación interadministrativa en especial na posta en valor dos recursos locais que teñen un impacto directo na calidade de vida das persoas e das colectividades.

Segundo.- Entre as competencias que lle corresponden á Xunta de Galicia en relación coas entidades locais galegas, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da LALGA, figuran as de cooperación e colaboración, que poderán materializarse, entre outras posibilidades, a través da subscripción de convenios.



Terceiro.- A Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, prevé a concesión directa de subvencións cando se acrediten razón de interese público, social, económico, humanitario ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria

Cuarto.- O Decreto 230/2020, do 23 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, configura esta como o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde o exercicio das competencias e funcións nos ámbitos de promoción e dinamización da actividade mineira e do aproveitamento dos recursos minerais.

As competencias en materia de minas están atribuídas á Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais e a este centro directivo correspóndelle, en particular, o fomento de plans, programas, medidas e incentivos económicos orientados ao desenvolvemento, á innovación, ao incremento da competitividade e á internacionalización do sector mineiro de Galicia.

Quinto.- Segundo dispoñen os artigos 25.1 da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 80.1 da LALGA, os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderán promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños.


Sexto.- Dende a década dos anos vinte do século pasado comezáronse a fabricar no concello de Valga materiais cerámicos nos que se utilizaban como materias primas arxilas procedentes das explotacións mineiras locais, denominadas “Mercedes” e “Porto Piñeiro” así como as procedentes do concello de Meaño que chegaban a Valga a través do río Ulla.

O espazo afectado pola antiga explotación “Mercedes” foi obxecto de diversas actuacións ata reconvertelo nun espazo para a natureza ideal para o lecer da cidadanía.

No relativo a zona afectada pola antiga explotación de arxila Porto Piñeiro, o Concello plantexa levar a cabo unha serie de actuacións de adecuación e integración paisaxística e de xeración de zonas de lecer.

Esta actuación valórase positivamente ao converter unha zona alterada polas antigas actividades mineiras, nun espazo de recreo e de natureza a disposición da poboación xeral, amosando a importancia do patrimonio mineiro na configuración pasada e actual da paisaxe, e conxugando a conservación patrimonial e a calidade paisaxística co desenvolvemento sustentable do municipio.

Sétimo.- Con base en todo o anterior e co fin de redactar o proxecto das actuacións para a posta en valor como área de lecer da antiga mina de extracción de arxila Porto



Piñeiro, que prestará especial atención á dinamización turística patrimonial e dos espazos de lecer do entorno e a súa contribución a valorizar a totalidade do patrimonio existente, a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación e o Concello de Valga acordan subscribir este convenio de colaboración segundo as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto e descrición das actuacións


1.- Este convenio ten como obxecto regular a colaboración entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación e o Concello de Valga (beneficiario) co fin de financiar os investimentos que leve a cabo para a realización dunha actividade de interese público consistente na realización de actuacións para a posta en valor como área de lecer da antiga explotación mineira para a extracción de arxila Porto Piñeiro.

2.- As actuacións contidas no proxecto obxecto do financiamento e que son obxecto do convenio son as seguintes:

- Análise social ambiental e económico para a proposta de melloras na cunca visual da lagoa da Mina Porto Piñeiro.
- Roteiro de sendeirismo e cicloturismo no perímetro das Barreiras.
- Posibilidades de homologación da senda con apoio de elementos patrimoniais conectados en rede.
- Posibilidade de creación dunha cávea natural no borde da lagoa para a creación de eventos.
- Creación dunha zona de baño ao aire libre rectificando puntualmente a estrutura dos fondos.
- Renaturalización e consolidación dos bordes e franxa de bosque ripario intermareal mediante bioenxeñería.
- Análise hidrolóxico para estudar a posibilidade de conectar as dúas lagoas (a da explotación Porto Piñeiro e a da Mina Mercedes)

Segunda.- Razóns de interese público, social, económico, humanitario ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria.

Nos termos descritos na parte expositiva, a redacción do proxecto indicado na cláusula anterior, que constitúe o obxecto deste convenio, é necesaria para a posterior adopción das actuacións materiais que finalmente converterán a zona afectada pola antiga explotación mineira Porto Piñeiro o que conlevará poñer en valor o patrimonio mineiro no noso territorio, sendo este un interese público.



Segundo o artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán concederse de maneira directa, con carácter excepcional, (...) e *aquelas outras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas* que dificulten a súa convocatoria pública.

Dado que a titularidade dos terreos sobre os que son precisas as actuacións materiais a proxectar corresponde ao Concello de Valga, non é factible subvencionar a actuación a ningunha outra entidade polo que queda plenamente xustificada a concesión desta axuda a través do procedemento de concesión directa.

Terceira.- Contía da axuda

A axuda ascende a **CORENTA E DOUS MIL CINCOCENTOS DEZANOVE EUROS (42.519 €)** con cargo á aplicación orzamentaria 06.02.734A.760.2 dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021 na que existe crédito adecuado e suficiente para tal fin, e o **custe total da actuación ascende a 53.149,25 €.**

Cuarta.-.- Carácter da achega

De conformidade co disposto polos artigos 19.4 e 26 da Lei de 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a achega referida na cláusula anterior, constitúe unha subvención de concesión directa xustificada en razóns de interese público de conformidade co exposto na cláusula segunda do presente convenio.


Quinta- Obrigas específicas do Concello de Valga

1.- Ao Concello de Valga correspóndelle realizar todas as actuacións necesarias para a execución deste convenio, incluíndo a tramitación dos procedementos de contratación e a licitación da redacción dos proxectos e documentos técnicos necesarios .

En consecuencia, o Concello de Valga licitará, adxudicará e xestionará os contratos necesarios para a execución deste convenio, ata a terminación definitiva ou execución total das actuacións que constitúen o obxecto do convenio.

Para estes efectos, o Concello de Valga poderá subcontratar a totalidade das actuacións que constitúen o obxecto deste convenio actuando como órgano de contratación, sen prexuízo do cumprimento do establecido no artigo 27 da Lei de 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e de conformidade coa normativa reguladora da contratación do sector público.

Será responsabilidade exclusiva do Concello de Valga a obtención dos informes, autorizacións, concesións, licenzas ou permisos que deban ser emitidos ou otorgados



polas distintas administracións competentes para a execución das actuacións obxecto do presente convenio.


2.- A maiores, e sen prexuízo das demais obrigas especificadas nas cláusulas deste convenio así como das obrigas que resulten da lexislación orzamentaria, de réxime local e da restante normativa aplicable, o Concello de Valga comprométese a executar as actuacións descritas na cláusula primeira nos termos seguintes:

- a) Destinar os fondos que perciba ao obxecto concreto deste convenio, executar as actuacións obxecto deste convenio e cumprir todas as condicións e obrigas recollidas nel.
- b) Financiar con fondos propios ou outras axudas ou subvencións procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais, a contía restante non financiada pola Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.
- c) Xustificar ante a Xunta de Galicia o cumprimento do convenio e a execución das actuacións que constitúen o obxecto deste así como o seu custo real, no tempo e na forma establecidas neste convenio.
- d) As restantes obrigas que resulten aplicables recollidas na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen prexuízo das cláusulas deste convenio.

Sexta.- Obrigas previas á sinatura do convenio

1.- Con carácter previo á subscrición deste convenio, o Concello de Valga acreditará, ante a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, que se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e que non ten pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, tal e como se contempla no artigo 14.e) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no artigo 11.e) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Esta acreditación poderá ser substituída pola autorización á Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación para solicitar as ditas certificacións de estar ao corrente ou ben por unha declaración responsable de quen ostente a representación da entidade local, consonte o artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento que desenvolve a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2.- Declaración responsable de atoparse ao corrente no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións nos termos do artigo 9 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento que desenvolve a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



3.- Así mesmo, tamén con carácter previo á sinatura do convenio, o Concello de Valga acreditará o cumprimento do deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio, conforme o indicado no artigo 4 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

Sétima.- Obtención doutras subvencións ou recursos

1.- O Concello de Valga comunicaralle á Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actuacións obxecto deste convenio así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a subscripción do convenio e a concesión da achega económica. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza o financiamento e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da subvención. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións de entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais poderá dar lugar á modificación do convenio.


2.- O importe financiado en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concurrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo das actuacións desenvolvidas.

Oitava.- Facultades de inspección e control

1.- Sen prexuízo do disposto no artigo 60.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento que desenvolve a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación poderá levar a cabo as actividades de inspección e comprobación que considere oportunas para controlar o cumprimento do obxecto e das obrigas deste convenio.

2.- Alén do anterior, as subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia. Así mesmo, a entidade beneficiaria estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas. Para estes efectos, o Concello de Valga deberá prestar a súa colaboración e facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións.

Novena.- Transparencia e publicidade da colaboración



1.- As partes asinantes deste convenio consenten expresamente o tratamento dos datos relevantes deste convenio, incluídos os datos de carácter persoal, e a súa publicación no Diario Oficial de Galicia e/ou na páxina web da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, de acordo co establecido na normativa reguladora das subvencións e na normativa sobre transparencia e goberno aberto, coas excepcións previstas no artigo 15.2º d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia así como, no seu caso, na Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

2.- Do mesmo xeito, de acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, as partes asinantes deste convenio consenten expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes nos rexistros públicos que proceda.

3.- No lugar de execución das actuacións así como en todas as actuacións divulgativas das mesmas farase constar, nun lugar destacado, a colaboración da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación e utilizaranse, cando proceda, a imaxe corporativa institucional da Xunta de Galicia. No lugar de execución das actuacións, as medidas de publicidade do financiamento recibido consistirán, como mínimo, nun cartel explicativo permanente nunha localización facilmente visible.


Décima.- Relación laboral coa consellería

A subscrición deste convenio non leva consigo relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades ou executar ou dirixir as obras ou actuacións obxecto deste convenio e a Xunta de Galicia, de maneira que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

Décimo primeira.- Conta xustificativa

1. O pagamento da achega económica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación realizarase unha vez xustificadas as actuacións obxecto do convenio, logo da presentación por parte do Concello de Valga da seguinte documentación acreditativa da súa execución:


- a) Memoria xustificativa das actuacións desenvolvida, asinada por técnico competente, na que se especificarán en detalle as actividades realizadas e que incluírá fotografías do desenvolvemento das actuacións, tomadas antes, durante e con posterioridade á súa realización. Deberá incluír, así mesmo, fotografías do cartel das actuacións onde se aprecie a súa localización.
- b) Certificación detallada dos gastos expedida pola intervención municipal na que



se faga constar a toma de razón en contabilidade do gasto realizado e o cumprimento da finalidade para a cal foi concedida a achega, con especificación dos conceptos e importes executados e das correspondentes facturas con identificación do/a acreedor/a, número de factura e data de emisión así como as datas de recoñecemento da obriga e de pagamento.

- c) Certificación expedida polo secretario/a do Concello, co visto e praxe do alcalde, relativa a:
- O cumprimento da finalidade e do obxecto do convenio
 - Relación de procedementos de contratación levados a cabo para a execución das actuacións obxecto deste convenio, identificación dos contratos asinados e dos seus principais datos incluíndo o importe das adxudicacións, e acreditación de que na tramitación, contratación e execución das obras e demais actuacións cumpríuse a normativa en materia de contratación do Sector Público así como a normativa específica de aplicación no ámbito local, detallando a efectiva achega de tres orzamentos nos supostos nos que proceda en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia.
 - A aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención.
- d) Declaración responsable asinada pola persoa representante da entidade local referida á obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que financien as mesmas actividades obxecto do convenio, acreditando o importe, procedencia e aplicación de tales fondos.
- e) Declaración responsable asinada pola persoa representante da entidade local consonte o Concello non é debedor por resolución de procedemento de reintegro de subvencións públicas.
- f) Acreditación de que o Concello de Valga se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da Comunidade Autónoma mediante certificacións, autorización á Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación para solicitar as ditas certificacións de estar ao corrente ou declaración responsable de quen ostente a representación da entidade local, consonte o artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento que desenvolve a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Consideraranse subvencionables os gastos que respondan de xeito indubidable á natureza da actuación subvencionada. Considerarase gasto realizado, de acordo co artigo 29.2 da Lei de Subvencións de Galicia, o que foi efectivamente pagado con



anterioridade á finalización do período de vixencia do convenio.

3. O concello terá de prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención ata o 15 de decembro de 2021.

Décimo segunda- Perda do dereito ao cobramento

Producirase a perda do dereito do Concello de Valga ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou no suposto de concorrencia dalgunha das causas previstas no art. 33 da Lei de subvencións de Galicia que resulten aplicables.

Décimo terceira- Reintegros

Procederá o reintegro parcial ou total das cantidades percibidas xunto cos xuros de demora correspondentes, de conformidade co procedemento establecido no artigo 38 da Lei de subvencións de Galicia, nos supostos establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia que resulten aplicables e, ademais, nos seguintes supostos:

- a) Exceso de financiamento da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación en execución deste convenio, procedendo o reintegro polo importe pagado que supere o custo do 80% das actuacións desenvolvidas.
- b) Incumprimento das obrigas do Concello de Valga recollidas ao longo deste convenio, cando así se estableza.

Décimo cuarta- Comisión de seguimento


1.- Para facilitar a coordinación entre as partes asinantes e o seguimento da execución do obxecto do convenio e do cumprimento das súas cláusulas, constituirase unha comisión de seguimento integrada por:

- Dous representantes do Concello de Valga
- Dous representantes da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais

A comisión rexerese polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector Público.

2.- As funcións da comisión serán:

- Facilitar a coordinación entre as partes asinantes



- Seguimento da execución do obxecto do convenio e do cumprimento das súas cláusulas
- Interpretación do convenio e resolución de dúbidas
- Proposta, de ser o caso, de addendas
- Calquera outras relacionadas co desenvolvemento e bo fin deste convenio

Décimo quinta.- Extinción do convenio e causas de resolución

Serán causas de resolución do convenio procedendo o reintegro, total ou parcial, da axuda percibida e dos xuros de mora correspondentes as determinadas no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño. En especial, serán causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- a. O transcurso do prazo de vixencia establecido sen que se leve a cabo o obxecto do mesmo.
- b. O mutuo acordo entre as partes
- c. A imposibilidade sobrevida para o cumprimento dos termos do presente acordo.
- d. A denuncia de calquera das partes formulada por escrito con quince días de antelación.
- e. O incumprimento total ou parcial dalgunha das súas cláusulas.

Décimo sétima.- Vixencia

1.- Este convenio estenderá a súa vixencia ata o 15 de decembro de 2021.

2.- Este convenio é susceptible de prórroga sempre que, antes da finalización do prazo previsto no parágrafo anterior, as partes asinantes tramiten e suscriban a correspondente addenda.

Décimo oitava.- Natureza xurídica e réxime xurídico


Este convenio ten natureza administrativa e queda excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, en virtude do establecido nos seus artigos 4 e 6, sen prexuízo da aplicación dos principios do devandito texto legal para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

2.- Este convenio rexerá polas súas propias cláusulas e está suxeito ao disposto no Acordo da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares publicado mediante a resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991 (DOG nº 82, do



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPRESA E INNOVACIÓN




30 de abril), así como ao disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

3.- En todo o non previsto expresamente neste convenio, o réxime da subvención que a través del se instrumenta será o establecido nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 21 de xullo, e do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento que a desenvolve; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento autonómico que desenvolve a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nas demais normas de dereito administrativo.

Lido este documento, e en proba de conformidade, asínase polas partes, en triplicado exemplar, no lugar e data ao principio indicados.

O vicepresidente segundo e conselleiro
de Economía, Empresa e Innovación


O alcalde do Concello de Valga



ANEXO

MEMORIA ECONÓMICA ESTIMATIVA

O custo total das actuacións obxecto do convenio (cláusula terceira) estímase en **53.149,25 €**, dos cales a VCEEI achegará ata un máximo de **CORENTA E DOUS MIL CINCOCENTOS DEZANOVE EUROS (42.519 €)**, non supondo esta achega en ningún caso mais do **80%** da inversión total, segundo o seguinte detalle que ten carácter estimativo:



ORZAMENTO POR REDACCIÓN DO PROXECTO DE “POSTA EN VALOR COMO AREA DE LECER DA ANTIGA MINA DE EXTRACCIÓN DE ARXILA “PORTO PIÑEIRO” - VALGA

<p>1. Traballos previos _ Integración paisaxística Catalogación valoración e afeccións</p> <p>2. Traballo de campo – Integración paisaxística Levantamento fotogramétrico e verificación da cartografía</p> <p>3. Traballo posterior – Integración paisaxística Memoria valorada e estudo de liñas de financiamento</p> <p>4. Labores preliminares Coordinación de labores de desbroce e limpeza para levantamentos topográficos Antecedentes Xeoloxía e xeotecnia Climatoloxía e drenaxe Planeamento Integración ambiental Coordinación entre organismos Propiedade Análise das augas</p> <p>5. Traballo de campo Fotogrametría Laser escaner terrestre Sinalización Seguridade e saúde</p> <p>6. Proxecto visado Memorias xustificativas e construtivas Planos Cálculo de estruturas Cálculo de instalacións Cálculo hidrolóxico Detalles construtivos Xestión de residuos Prego de prescricions técnicas particulares Plan de obra e anexos administrativos</p>	
Total sen IVE	43.925,00€
Total con IVE (21%)	53.149,25 €